



Terceiro exame: coñecemento de galego

Instrucións

- O exame ten 5 preguntas.
Debes marcar as respostas na folla de respostas.
Tamén tes que contestar a pregunta de reserva.

- Tes **media hora** para facer o exame.

- Todas as preguntas teñen 4 respostas.
Só 1 resposta é correcta.
As preguntas que respondas ben suman 1 punto.
As preguntas que deixes en branco non puntúan.
As preguntas que respondas mal non puntúan.

- Cando termines o exame,
entrega o cuestionario e a folla de respostas.
Debes entregar o cuestionario e a folla de respostas
á persoa da organización que está na porta pola que entraches.
A persoa da organización entregaráche
a copia da folla de respostas de cor azul.

- Podes descargar o cuestionario de preguntas
na páxina web www.sergas.es

Le con atención as normas para cubrir as respostas do exame.

1. Lola vai pola rúa cando comeza a caer auga das nubes en forma de pinga. Que está pasando?

- A) Chove.
- B) Sarabia.
- C) Neva.
- D) Xea.

2. A primeira comida do día, que se fai polas mañás, chámase:

- A) Cea.
- B) Merenda.
- C) Xantar.
- D) Almorzo.

3. Cando dicimos que algo está baleiro, estamos dicindo:

- A) Que está novo.
- B) Que está vello.
- C) Que non contén nada.
- D) Que está cheo.

4. Se o paciente di que lle doe a gorxa, onde ten dor?

- A) Na perna.
- B) Na garganta.
- C) Nun brazo.
- D) No abdome.

5. Xurxo caeu da bicicleta e deuse un golpe no ombro. Que palabra significa o mesmo que a palabra "ombro"?

- A) Fronte.
- B) Cóbado.
- C) Costas.
- D) Ombreiro.

Preguntas de reserva

1. Das seguintes frases indique a correcta en galego.

- A) Eses nenos son bos.
- B) Esos perros ladran moito.
- C) Non quero estos libros.
- D) En xulio fai calor.